



Terela Grandín

Comeza os seus estudos en Estudio Escola en Santiago de Compostela. Escólleña como alumna representante da escola para participar no XII Jazz Meeting da IASJ en Berklee College of Music (Boston) e no XIII Jazz Meeting da IASJ en Helsinki.

Grava diferentes CD's con distintas discográficas, colaborando con Manuel Gutiérrez, Baldo Martínez, Chris Kase ou Daniel Escolano.

Cantou e formou parte de diferentes grupos, cos que tamén se presentou a festivais como o de Jazz de Vigo Imaxina Sons.

TERELA GANDÍN

MESTRA CANTO MODERNO

Historial Académico

Cantante e compositora nacida en Caldas de Reis.

En 1997 recibe as súas primeiras clases de canto con Ramón Bermejo en Estudio Escola de Música de Santiago de Compostela. Ademais, estuda con Manuel Gutiérrez, Suso Atanes, L.A.R. Legido e Abe Rábade.

En 2001 Estudio Escola de Música escóllea como alumna representante da escola para participar no XII Jazz Meeting da IASJ en Berklee College of Music (Boston) e no XIII Jazz Meeting da IASJ en Helsinki o ano seguinte. En 2003 estuda no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra impartido por Abe Rábade e Paco Charlín.

Durante esta época forma parte do quinteto vocal a capella *Tristáns* (1999-2002), forma un dúo co pianista Manuel Gutiérrez e un cuarteto con Manuel Gutiérrez, Xacobe Martínez e L.A.R. Legido (2003).

En 2005 trasládase a Pamplona a estudar a especialidade de Canto-Jazz no Conservatorio Superior de Música de Navarra, obtendo o Premio Fin de Carreira en 2009.

Experiencia

En 2006 grava *Lost* (Errabal Jazz), o seu primeiro disco, xunto a Manuel Gutiérrez. Para este disco conta coa colaboración de Baldo Martínez, Chris Kase e Ramón Ángel Rey.

En 2007 grava *Pascala* (Free Code Jazz Records), tamén con Manuel Gutiérrez. Nesta ocasión contan con Marcelino Galán, Dani Domínguez e Xacobe Martínez. En 2013 grava *Noise* (Delicias Discográficas) con Tereland. Este é un proxecto desenvolvido xunto a Luis Giménez e levado a cabo con José Antonio López e Daniel Escolano.

Colaborou tamén con diferentes grupos como GEM Trío, Marcelo Escrich Silent Trío, The Good Time Rollers, Gradus Jazz, Jorge Garrido Trío, Three One, Proyecto Miño de Baldo Martínez, coa Orquestra de Jazz de Galicia no Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons, coa Pirineos Jazz Orchestra ou coa Iruña Jazz Orquesta, entre outros.